



# O SECTOR VITIVINÍCOLA AUSTRALIANO

Mar Vilanova e Javier Tardáguila



O sector vitivinícola australiano experimentou un crecemento espectacular nos últimos 15 anos. Na actualidade, Australia é un dos países líderes do sector vitivinícola mundial. Unha das claves deste éxito é a profesionalización e a innovación na vitivinicultura. A maior parte dos viñedos están situados en

desenvolvemento do sector vitivinícola australiano, que trataremos no próximo número.

Actualmente, a vide cultívasse principalmente nos estados do sur, como son South Australia, Vitoria, New South Wales e Western Australia (Táboa 1). O estado máis importante na produción de uva e de viño é South Australia, con preto de 70.000 ha. de viñedo.

Ó redor de Adelaide, a capital do viño australiano, atópanse as zonas de máis prestixio vitivinícola, como son Barossa, Eden Valley, Coonawarra, McLaren Vale e Clare Valley. No interior de South Australia, atópase a zona de Riverland, que é un dos pulmóns vinícolas de Australia, xunto con Mildura e Riverina (Griffith).

O estado de Vitoria, coa súa capital Melbourne, é o segundo estado vitivinícola en importancia, con grandes extensións vitivinícolas como a zona de Mildura (Murray Darling).

Tamén, New South Wales, o estado onde chegou a videira por primeira vez en Australia no século XVIII, ten unha gran importancia vitivinícola, con zonas de gran prestixio e historia como Hunter Valley (ao noroeste de Sydney), zonas máis novas coma Orange ou Mudgee e zonas de grandes volumes como Riverina.

Xeográficas identificadas.

Na Táboa 1 podemos observar un resumo dos datos principais que definen o sector vitivinícola australiano. O crecemento da superficie vitícola australiana foi de preto o 160% nos últimos vinte anos. No derradeiro ano produciuse un incremento do 4,2%. Preto do 90% da produción destínase a viño.


En Tasmania (o estado máis frío de Australia) e en Western Australia, cultívanse sobre todo brancos (Chardonnay e Sauvignon blanc); así nos últimos anos adquiriu un gran protagonismo a zona de Margaret River (ao sur de Perth, na costa oeste) na produción de brancos de alta calidade.



Javier Tardáguila (esquerda) observando un acio de Tempranillo en Adelaide Hills

A Indicación Xeográfica é a denominación oficial que recibe unha zona vitivinícola en Australia. O concepto de Indicación Xeográfica é similar ao concepto de Denominación de Orixe en España ou de AOC en Francia, pero con moitas menos restricións en canto ás prácticas vitícolas e enolóxicas. Este sistema comezou a aplicarse en 1993 e na actualidade existen 61 Indicacións

En Australia existen preto de 1900 adegas que vendimaron na colleita 2004, 1860 millóns de kilos de uva (Táboa 2), obtendo 14 millóns de hectolitros de viño (preto dunha terceira parte da produción de viño en España). Destacar o aumento próximo ao 35% na produción de viño respecto ao ano 2003. É importante subliñar que o rendemento medio de uva por hectárea é de 11.300 Kg/ha, é dicir, máis do duplo do rendemento medio español.



Mar Vilanova coa indumentaria obrigatoria para entrar nunha adegada australiana (Adegas Yalumba en Adelaide)

zonas cálidas e áridas, con elevados rendementos, uso profesional do rego e un elevado grao de mecanización da viticultura, especialmente da poda e a vendima.

Outra característica importante é a existencia de adegas de gran tamaño, con gran capacidade comercial e de vinificación, que dispoñen duns técnicos moi ben formados e especializados. A formación e a investigación en viticultura e enoloxía son uns dos pilares básicos do gran



Adegas Penfolds en Barossa Valley

Táboa 1. Superficie vitícola por estado en 2004

Estado	Sup. Vitivinícola en produción (ha)	Sup. vitivinícola total máis novas plantacións
South Australia	64.961	70.312
Vitoria	34.929	38.529
New South Wales	35.975	39.036
Western Australia	11.068	12.085
Queensland	2.150	2.562
Tasmania	1.048	1.206
<b>TOTAL Australia</b>	<b>150.561</b>	<b>164.181</b>

Fuente: Australian Bureau of Statistics

Táboa 2. Producción de uva por por estado en 2004

Estado	Producción de uva (Tn)	% Cambio respecto a 2003
South Australia	880.075	43,8
Vitoria	384.896	36,3
New South Wales	450.516	24,3
Western Australia	87.523	39,6
Queensland	7.861	23,0
Tasmania	5.162	60,8
<b>TOTAL Australia</b>	<b>1.816.556</b>	<b>36,6</b>

Fuente: Australian Bureau of Statistics



## As Exportacións de viño Australiano

A medra explosiva das plantacións de uva de vinificación trouxo consigo o conseguinte aumento da oferta de viño. Esta situación significou que a orientación



industrial sexa principalmente cara a exportación, xa que o consumo de viño, situado en 21,8 l/persoa no ano 2004, non pode absorber a oferta. As vendas do ano 2004 representáanse na Figura 1.

O total de exportacións de viño

australiano excede ás vendas internas por primeira vez en 2001-02, un patrón que se segue repetindo.

Na actualidade, Australia produce 1.300 millóns de litros de viño, a terceira parte do viño de España con só 160.000 ha. de viñado (8 veces menos de superficie vitícola que España) e exporta o 60% da súa produción. No ano 2004 Australia situouse como cuarto país exportador mundial de viño, por detrás de Francia, Italia e España.

## A CULTURA DO VIÑO




A partir do próximo número do Boletín Rías Baixas, Mar Vilanova da Torre, especialista en Viticultura e Enoloxía, vai desenvolver unha nova sección denominada "A Cultura do Viño".

Nesta sección trataráanse diferentes xeitos da enoloxía e a análise sensorial, co obxectivo de profundar no coñecemento dos viños.

Comezaremos cun curso de análise sensorial e iremos tratando xeitos tan diversos como os arredos dos viños, a microbiota implicada nas fermentacións, as variedades de uva e as súas características recendentes, viños do novo mundo, resultados de investigación interesantes para o sector, etc.

A cultura do viño pretende ser unha sección que responda aos intereses de viticultores e adegueiras, polo que se irán tratando temas que poidan xurdir do propio sector e que poidan ser interesantes para mellorar a cultura do viño de tódalas persoas que forman a Denominación de Orixe Rías Baixas.

Figura 1. Principais mercados de viño australiano en porcentaxe por volume (1994 e 2004)




Fuente: AWBC WINEFACTS Statistics

A maior parte da industria vitivinícola céntrase en 5 grandes grupos: Southcorp Wins, BRL Hardy (Constellation Brands), Orlando Wyndham (Pernod Ricard S.A.) e Beringer Blass (Foster's). Southcorp Wins é o maior deles con máis de

8.000 ha e unha produción situada en torno aos 250 millóns de botellas/ano. Southcorp Wins e BRL Hardy representan preto da metade da venda de viño etiquetado australiano, e os 22 principais produtores de viño, representan o 96% do total das

vendas. Os outros 1.600 produtores compiten polo 6% restante do total de vendas de viño embotellado. Os principais mercados do viño australiano e volume de exportación representáanse na Figura 1 e 2.

Figura 2. Exportación de viño australiano por prezo (\$A por litro) en porcentaxe por Volume.



Fuente: AWBC WINEFACTS Statistics

### O futuro de viño Australiano. Estratexia 2025

Australia foi o pioneiro en establecer unha estratexia que guíase a medra da industria vitivinícola. Dita estratexia foi a resulta dunha profunda análise dos factores productivos e de mercado que afectan a dita industria. O plano denominado estratexia 2025 presenta unha serie de actuacións para levar á industria australiana do viño cara o liderado mundial do mercado nun prazo de 20 anos.

Os obxectivos da estratexia son mellorar a imaxe e reputación dos viños australianos a

nivel mundial, innovar como fonte criadora de vantaxe competitiva, establecer un liderado mundial en segmentos de mercado específicos, mellorar o estilo de viño en calidade, pureza, diversidade e personalidade e capitalizar as oportunidades de crecemento de mercado a través da capacidade de expansión da industria.

Europa debería comezar a pensar nun plano a longo prazo, sentando as bases da estrutura organizativa da industria, doutra forma só nos quedará ver cómo os viños australianos ocupan as mesas dos nosos restaurantes.

